

Oitavo.-Contra a presente orde, que esgota a vía administrativa, poderase interpor potestativamente recurso de reposición perante este mesmo órgano no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, segundo redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, ou poderase interpor recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo competente no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación.

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2006.

Ánxela Bugallo Rodríguez  
Conselleira de Cultura e Deporte

#### ANEXO I

Código do posto: CU.C99.10.000.15001.001.  
Denominación do posto: secretario/a da delegada provincial.  
Centro directivo: delegación provincial.  
Localidade: A Coruña.  
Tipo de posto: N.  
Corpo ou escala: xeral.  
Grupo: CD.  
Nivel: 18.  
Complemento específico: 4.031,37 euros.  
Tipo de adscrición: (A11) adscrición indistinta a funcionarios da Xunta de Galicia, Estado e comunidades autónomas.  
Formación específica: (641) para persoal doutra Administración, curso de iniciación de galego (R.I.); (001) mecanografía.

Código do posto: CU.C04.00.002.15770.004.  
Denominación do posto: Servizo de Arquitectura.  
Centro directivo: Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.  
Localidade: Santiago de Compostela.  
Tipo de posto: S.  
Corpo ou escala: especial.  
Grupo: AB.  
Nivel: 28.  
Complemento específico: 12.029,10 euros.  
Tipo de adscrición: (A11) adscrición indistinta a funcionarios da Xunta de Galicia, Estado e comunidades autónomas.  
Formación específica: (640) para persoal doutra Administración, curso de perfeccionamento de galego (R.I.).  
Titulación académica: (2001) arquitectura superior, (3001) arquitectura técnica.

#### ANEXO II

NOTA: úsese o publicado na páxina 1.631.

## CONSELLERÍA DE SANIDADE

*Orde do 20 de xaneiro de 2006 pola que se anuncia a convocatoria pública para a provisión de determinados postos de persoal directivo vacantes no Complexo Hospitalario de Pontevedra.*

De conformidade co establecido no artigo 59 do Decreto 206/2005, do 22 de xullo (DOG nº 145, do 29 de xullo), de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, e en uso das atribucións conferidas a esta consellería,

#### DISPÓN:

Primeiro.-Anunciar a convocatoria para cubrir, polo sistema de libre designación, os postos de traballo que se indican no anexo I.

Segundo.-As retribucións fixas dos postos ofertados serán as que correspondan de acordo coa orde pola que se ditan instrucións sobre a confección de nóminas do persoal ao servizo da Administración autonómica vixente. Respecto das retribucións variables, serán establecidas con base no cumprimento anual de obxectivos previamente pactados para cada posto directivo cos órganos competentes do Servizo Galego de Saúde.

Terceiro.-As solicitudes para participar nesta convocatoria poderán presentarse no rexistro xeral da Consellería de Sanidade, no das súas delegacións provinciais ou en calquera das direccións provinciais do Sergas, ademais de nas oficinas previstas no artigo 38.4º da Lei 4/1999, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no prazo de quince días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Os interesados deberán presentar, xunto co modelo de solicitude do anexo II, un *curriculum vitae* e xustificarse, mediante certificación ou copia compulsada, os méritos que nel aleguen.

Cuarto.-Cumpridos os trámites previstos no dito decreto, a resolución desta convocatoria farase pública no *Diario Oficial de Galicia*, podéndose declarar deserto o cargo directivo ofertado.

Quinto.-Consonte os artigos 59 e 60 do citado Decreto 206/2005, a forma de provisión das prazas ofertadas será o nomeamento de carácter administrativo para o persoal estatutario ou funcionario con vínculo de fixeza ao servizo de calquera Administración pública, pertencente ao grupo de clasificación que se corresponda co nivel académico que se require para cada posto directivo e que se especifica para cada un dos postos relacionados no anexo I. No resto de supostos, a vinculación for-

malizarase mediante contrato laboral de alta dirección.

Sexto.-Contra esta orde, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición ante este mesmo órgano, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación. De non estimar a interposición deste recurso poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso-administrativo competente, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación.

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2006.

Mª José Rubio Vidal  
Conselleira de Sanidade

### ANEXO I

-Denominación do posto: xerente xeral.  
Titulación requirida: licenciado universitario ou título equivalente.  
Centro directivo: Complexo Hospitalario de Pontevedra.  
Localidade: Pontevedra.

-Denominación do posto: director asistencial.  
Titulación requirida: licenciado universitario ou título equivalente.  
Centro directivo: Complexo Hospitalario de Pontevedra.  
Localidade: Pontevedra.

-Denominación do posto: director de Recursos Económicos e Servizos Xerais.  
Titulación requirida: licenciado universitario ou título equivalente.  
Centro directivo: Complexo Hospitalario de Pontevedra.  
Localidade: Pontevedra.

-Denominación do posto: director de Recursos Humanos e Relacións Laborais.  
Titulación requirida: licenciado universitario ou título equivalente.  
Centro directivo: Complexo Hospitalario de Pontevedra.  
Localidade: Pontevedra.

-Denominación do posto: director de Enfermaría.  
Titulación requirida: diplomado sanitario.  
Centro directivo: Complexo Hospitalario de Pontevedra.  
Localidade: Pontevedra.

### ANEXO II

#### MODELO DE SOLICITUDE

##### DATOS PERSOAIS

Primeiro apelido	Segundo apelido	Nome	
DNI	Data de nacemento		
Domicilio, rúa e nº	Provincia	Localidade	Teléfono

##### NO CASO DE PRESTAR SERVIZOS NA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA:

Vínculo xurídico	Categoría profesional
Situación administrativa	
Destino actual	

##### SOLICITO

Posto	Centro
-------	--------

*Orde do 23 de xaneiro de 2006 pola que se anuncia a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante nos servizos periféricos do Servizo Galego de Saúde.*

De conformidade co establecido no artigo 27.2º da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, e en uso das atribucións conferidas polo artigo 15.4º da mesma lei, esta consellería

**DISPÓN:**

Primeiro.-Anunciar a convocatoria para cubrir, polo sistema de libre designación, o posto de traballo que se indica no anexo I.

Segundo.-Poderán concorrer a ela os funcionarios de carreira que reúnan as condicións sinaladas no anexo I.

Terceiro.-As solicitudes para participar nesta convocatoria dirixiranse por escrito á conselleira de Sanidade (edificio administrativo San Lázaro s/n, 15703 Santiago de Compostela), segundo o modelo que se inclúe como anexo II a esta orde.

As ditas solicitudes poderanse presentar no rexistro xeral da Consellería de Sanidade, nos das súas delegacións provinciais, nos das direccións provinciais do Sergas ou en calquera das oficinas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no prazo de quince días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Cuarto.-Os aspirantes deberán unirle á petición un *curriculum vitae* e xustificar documentalmente os méritos que aleguen.

Os méritos alegados e non probados da maneira que vimos de sinalar non se terán en conta.

Quinto.-Esta convocatoria será resolta pola Consellería de Sanidade. A resolución desta farase pública no *Diario Oficial de Galicia* e poderá declararse deserta, de considerarse oportuno.

Sexto.-O nomeamento dun funcionario con destino definitivo noutra Administración pública ou que preste os seus servizos na comunidade autónoma como consecuencia dunha comisión de servizos concedida conforme o disposto na disposición transitoria oitava, punto 4º, da Lei 30/1984, do 2 de agosto, que resulte seleccionado para ocupar o posto de traballo anunciado estará condicionado a que a súa Administración emita informe favorable sobre el, conforme o previsto no Real decreto 28/1990, do 15 de xaneiro, e demais disposicións concordantes.

Sétimo.-O prazo de toma de posesión será de tres días, se o destino anterior está na mesma localidade do novo destino e, dun mes, se está en localidade distinta ou comporta o reingreso ao servizo activo.

O prazo de toma de posesión empezará a contarse a partir do día seguinte ao do cesamento, que deberá producirse dentro dos tres días seguintes ao da publicación da resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Se a resolución comporta o reingreso ao servizo activo, o prazo de toma de posesión empezará a contarse a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Oitavo.-Contra esta orde, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición ante este mesmo órgano, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación. De non estimar a interposición deste recurso poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso-administrativo competente, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación.

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2006.

Mª José Rubio Vidal  
Conselleira de Sanidade

**ANEXO I**

Denominación do posto: xefe de Servizo de Recursos Humanos.

Código do posto: SA.S99.10.004.27001.001.

Dependencia: Dirección Provincial do Servizo Galego de Saúde.

Localidade: Lugo.

Tipo de posto: S.

Grupo: A/B.

Nivel C.D.: 28.

Complemento específico: 10.147,32 €.

Corpo ou escala: xeral.

Adscrición a administracións públicas: adscrición indistinta a funcionarios da Administración da Xunta de Galicia, Administración do Estado, Administración de comunidades autónomas.

Formación específica: para persoal doutra Administración, curso de perfeccionamento de galego (R.I.).

**ANEXO II**

NOTA: úsese o publicado na páxina 1.631.

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE  
E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE**

*Orde do 24 de xaneiro de 2006 pola que se anuncia a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante nesta consellería.*

De conformidade co disposto no artigo 27.2º da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de